

DATA DE
RECEPCIÓN:
26/06/2017

DATA DE
ACEPTACIÓN:
06/09/2017

DRAGAL E A REAFIRMACIÓN DA IDENTIDADE

DRAGAL Y LA REAFIRMACIÓN DE LA IDENTIDAD

DRAGAL AND REAFFIRMATION OF IDENTITY



Isabel Mociño-González

Universidade de Vigo

imocino@uvigo.es

Resumo: Comézase facendo unha achega á tendencia na narrativa xuvenil galega na que se recrean elementos de carácter identitario. A seguir describíense algunhas das características da serie *Dragal*, de Elena Gallego Abad, considerada unha novela de aprendizaxe na que corren parellas a construción da identidade individual e a descuberta da colectiva. Destácanse como elementos recorrentes a relevancia dos monumentos e lugares emblemáticos, as lendas e tradicións galegas e os símbolos empregados pola autora.

Palabras chave: identidade, narrativa xuvenil, serie, *Dragal*.

Resumen: Se comienza con una aproximación a la tendencia en la narrativa juvenil gallega en la que se recrean elementos de carácter identitario. A continuación se describen algunas de las características de la serie *Dragal*, de Elena Gallego Abad, considerada una novela de aprendizaje en la que discurren paralelas la construcción de la identidad individual y el descubrimiento de la colectiva. Se destacan como elementos recurrentes la relevancia de los monumentos y lugares emblemáticos, las leyendas y tradiciones gallegas y los símbolos empleados por la autora.

Palabras llave: identidad, narrativa juvenil, serie, *Dragal*.

Abstract: It begins with an approximation to the Galician young people narrative tendency for recreating identity elements. Then, some characteristics of Elena Gallego Abad's *Dragal* series will be described, considered a learning novel in which both the construction of the individual identity and the discovery of the collective one occur in parallel. There current elements stood out are the relevance of monuments and emblematic places, Galician legends and symbols.

Keywords: identity, young people narrative, series, *Dragal*.

Entre o último lustro do século XX e a primeira década do século XXI a narrativa xuvenil galega experimentou un importante avance, tanto dende o punto de vista cuantitativo coma cualitativo, e diversificou as propostas temáticas e formais. O sistema editorial apostou con forza por novos creadores e puxo en marcha coleccións dirixidas a un lectorado mozo e adulto que requiría novos puntos de vista e enfoques que respondesen aos intereses do momento. Avanzouse así por un camiño que se iniciara mediada a década dos anos oitenta coa publicación de modo continuado de novelas e relatos dirixidos a este lectorado en coleccións nas que conviviron obras galegas e traducidas (Roig Rechou, 2015).

Este pulo da narrativa xuvenil galega é froito, en boa medida, das reformas no ensino, primeiro debido á aprobación da Lei de Normalización Lingüística¹, que colocou a lingua propia na institución escolar e puxou por unha literatura de noso, e despois á Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE)², que ampliou a idade de escolarización ata os dezaseis anos e creou a necesidade de ofrecer lecturas literarias adecuadas a estas bandas de idade que seguían dentro do sistema escolar obrigatorio (Roig Rechou, 2005, 2008, 2015). Estas obras narrativas contribuíron a manter e desenvolver hábitos lectores a través de creacións adaptadas aos intereses e coñecementos da realidade propios da idade xuvenil (García Padrino, 1998: 101-110).

1. A identidade como tema



Cabe destacar entre as tendencias que marcaron o avance da narrativa xuvenil galega dende o seu inicio a recorrencia a elementos de carácter identitario, tanto dende a perspectiva individual coma de pertenza a unha colectividade. Unha reivindicación que se viña dando na literatura infantil dende as décadas dos anos sesenta e setenta (Roig e outros, 2009; Mociño, 2011; Agrelo, Mociño e Roig, 2012) e que, mediada a década dos oitenta, ten a súa mellor expresión nalgunhas das novelas que iniciaron vías logo transitadas con éxito por creadores que se incorporaron á literatura xuvenil xa comezado o século XXI.

Entre as novelas pioneiras cabe citar *Arnoia, Arnoia* (Xerais, 1985), de Xosé Luís Méndez Ferrín, e *O segredo da pedra figueira* (Tintimán, 1985), de María Xosé Queizán, así como os relatos de *Irmán rei Artur* (Xerais, 1987), de Carlos G. Reigosa. Tres exemplos da aposta clara de autores

¹ Aprobada en 1983 e que fora precedida por importantes pasos, como a entrada en vigor do Decreto de Regulación da Incorporación das linguas nativas ao ensino básico en 1975, o Decreto de Bilingüismo de 1979 e, sobre todo, do Estatuto de Autonomía en 1981, marco legal no que poder desenvolver esta Lei.

² Aprobada o 3 de outubro de 1990, substituíu a Lei Xeral de Educación de 1970.

da literatura institucionalizada por achegar propostas creativas novidosas (e tamén o seu prestixio) a un sistema emerxente e a un lectorado mozo que, por primeira vez, se podería sentir identificado cuns heroes/heroínas netamente galegos/as³. Nestas obras sitúanse, ao igual que na literatura de adultos da que proveñen, en paradigmas que buscan fixar novos modelos identitarios nacionais a través da recreación de mundos míticos, aínda que presentan grandes diferenzas entre elas nos tipos de protagonismo e de aproximación á temática (Roig Rechou, 2015).

Estas obras pioneiras, así como as que as imitaron en décadas posteriores, salientan polo marcado carácter épico, a recreación dunha Galicia mítica e dun universo lendario, que ten como punto de partida un material ancestral reivindicado como válido para un proceso de transformación social e colectiva no que mozas e mozos están chamados a participar. Tamén son novelas de iniciación nas que a construción da identidade individual, elemento chave da narrativa xuvenil, evoluciona asociada á descuberta da colectiva, de modo que a ficción literaria incide na toma de consciencia a través de elementos afectivos que impulsan cara a un compromiso activo coa terra e a historia galegas⁴.

Este fenómeno deuse na narrativa xuvenil do mesmo modo que xa ocorrera algún tempo atrás na literatura institucionalizada pois, tal como sinala Antón Figueroa (2001), recorreuse a paradigmas identitarios cos que consolidar novas estruturas de poder e valores colectivos e fíxose desprazando as tramas das ficcións cara a ámbitos representativos separados do presente e mitificadores de espazos e tempos distantes. De aí que se reconstrúa un pasado mitificado no que en moitas ocasións se potencian elementos identitarios propios, que á vez queren ser pezas universais.

Todo isto pódese rastrexar nun interesante conxunto de obras xuvenís que inciden na toma de consciencia da identidade colectiva (Mociño, 2015b: 118-133) porque, como sinala Itamar Even-Zohar (1993: 444), por medio da literatura o sistema cultural conta cun repertorio de modelos semióticos a través dos que “o mundo” se explica cun conxunto de narracións que

³ Con anterioridade cabe citar a Xosé Neira Vilas coa novela ambivalente *Memorias dun neno labrego* (Follas Novas, 1961; Edicións do Castro, 1968), que se converteu nun *long-seller* polas súas constantes reedicións e ten sido considerada unha das novelas fundacionais da narrativa xuvenil galega.

⁴ Aspecto que tamén se produce nas novelas de recuperación da memoria histórica, nas que se abordan feitos e ambientes derivados de conflitos bélicos, en especial a Guerra Civil española e, en menor medida, a Primeira e Segunda Guerra mundiais. Dáselle a coñecer á xuventude unha historia recente ignorada, nuns casos polo silenciamento, noutros pola resignación dos perdedores, botando unha ollada cara ao pasado para comprender feridas e fracturas que seguen repercutindo na sociedade actual e que é preciso coñecer para evitar que se repitan no futuro (Roig, Lucas & Soto, 2008; Roig, Ruzicka & Ramos, 2012; Roig & Ruzicka, 2013; Fernández *et alii*, 2015; Oittinen & Roig Rechou, 2016; Roig, Soto & Neira, 2016).



transmiten sentimentos de solidariedade, pertenza e, sobre todo, de submisión a leis e decretos que non poden ser impostos só coa forza física.

Salientamos de entre os elementos ficcionais máis recorrentes para a reafirmación dunha cultura diferenciada a conservación e/ou recuperación da lingua propia, as referencias e orgullo de monumentos histórico-culturais, o folclore, os mitos e lendas, a forma de vida en xeral con características específicas, así como lugares e paisaxes características, símbolos representativos etc. (Thiesse, 1999: 133-158; Figueroa, 2001: 83). Con eles tense reivindicado o feito diferencial da cultura galega fronte, fundamentalmente, á castelá, que durante séculos ostentou unha posición dominante. Conscientes disto, os autores recrearon nas súas ficcións un conxunto de elementos socio-semióticos coa finalidade de xustificar, sancionar ou fundamentar a existencia, o interese e a pertinencia desa cultura de noso (Even-Zohar, 1994: 369).

Tendo en conta todo o anterior, consideramos de interese achegarnos á serie *Dragal*, de Elena Gallego Abad (Teruel, 1969), na que resultan reveladores algúns dos mecanismos aos que recorre a autora ao redor da construción da identidade do protagonista, Hadrián, así como da descuberta do legado familiar, cultural e social no que se desenvolve.

58

Dragal é un exemplo da chamada novela de aprendizaxe ou de formación (*bildungsroman*), na que salienta o recurso a unha boa dose de suspense, aventuras, misterio, fantasía e mesmo trazos propios da novela policial ou de detectives, polo que o ritmo trepidante das vivencias dos protagonistas son moi do gusto do lectorado mozo. Amais en cada unha das entregas créanse problemáticas moi de actualidade, coas que os potenciais destinatarios se poden sentir identificados, como os conflitos interxeracionais, as novas tecnoloxías, o acoso escolar, os embarazos non desexados... Elementos que contribúen tamén a unha reflexión sobre a necesidade de adoptar posturas activas e de recoñecemento das características diferenciais da cultura propia e dos valores que se instauraron na sociedade galega democrática, cuestionados nalgúns casos pola globalización.



2. A saga do dragón galego

Dragal é unha serie composta, ata o momento, por catro entregas. A primeira, *A herdanza do dragón*, foi finalista do Premio Fundación Caixa Galicia 2009 e Premio Frei Martín Sarmiento 2010, recoñecementos que animaron a autora a continuar escribindo e editando *A metamorfose do dragón* (2011), *A fraternidade do dragón* (2012) e *A estirpe do dragón* (2015). Todas foron publicadas

por Edicións Xerais de Galicia na colección “Fóra de xogo”. Con estas obras Elena Gallego sitúase na liña daqueles autores novos, os chamados por Roig e outras (2015) “Xeración dos 90” e “Xeración Google” que, dende inicios do século XXI, apostaron polas series literarias na narrativa xuvenil galega⁵, seguindo a liña marcada por fenómenos editoriais mediáticos e de tradución (Cid, 2006; Mociño, 2015a), nos que a narrativa seriada ten unha especial incidencia. Esta estratexia editorial non é nova nin se pode atribuír á cultura actual, tal como sinala Victoria Sotomayor (2001: 42), senón que ten moito que ver coa natureza mesma da literatura e se atopa en todas as épocas dunha ou doutra forma, aínda que na narrativa xuvenil galega non se tiña producido con anterioridade, nin co impacto que conseguiu Gallego coa súa serie. É de salientar neste sentido a ampla aceptación por parte do público e da crítica, o que contribuíu a que se teña traducido a diferentes linguas⁶, a que se reedite con asiduidade⁷ e mesmo sexa a base dun ambicioso proxecto *crossmedia* da compañía Ficción Producciones no que se inclúe un cómic interactivo, videoxogos e cinema⁸. Tamén é de sinalar que deu lugar a un programa multidisciplinar de dinamización multimedia, o “Proxecto Dragal”, impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística⁹.

A trama xira ao redor dunha profecía sobre a reencarnación do último dragón galego. O elixido é Hadrián, un mozo de dezaseis anos, marcado polo seu propio nome (“cazador de serpes”), polos vestixios que tiveron lugar o día do seu nacemento e, sobre todo, pola morte de seu pai, a única persoa que o iniciou no coñecemento das lendas sobre dragóns e do que herda un enigmático medallón.

Hadrián comeza a padecer unha serie de mutacións logo do contacto cos restos do dragón sepultado na cripta da igrexa de San Pedro, o templo románico que está a carón do seu instituto.

⁵ Un exemplo é Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel, 1967) coa serie de aventuras épico-fantásticas *O Brindo de ouro*, composta por *A chamada do Brindo* (Xerais, 2004, Premio Merlín e incluída na listaxe *The Withe Ravens* en 2005) e *A táboa da Hospitalidade* (Xerais, 2009). Tamén máis recentemente Sabela González (Burela, 1981) coa triloxía fantástica *As crónicas de Landereina*, constituída por *Bágoa de Lúa* (2013), *Feitizo de sangue* (2015) e *Sangue de Lúa* (2016), publicadas por Galaxia.

⁶ Como o inglés (*Dragal. The Dragon's Inheritance*, Small Stations, 2015), o castelán (*Dragal. La herencia del dragón e Dragal. La metamorfosis del dragón*, ambas publicadas en 2015 por Anaya) e o catalán (*Dragal. L'herencia del drac*, Pages, 2014).

⁷ A primeira entrega xa publicou nove edicións e as opinións da crítica pódense seguir polos *Informes de Literatura* correspondentes (Roig, 1996-2016).

⁸ Tal como se pode seguir pola web da autora: <http://www.elenagallego.es/2/> (consultada o 20 de xuño de 2017).

⁹ No que participan anualmente centros educativos de toda Galicia e cuxo obxectivo é a animación á lectura e á creación en lingua galega a través de xogos en liña, propostas de traballo e materiais diversos para seren abordados a partir das temáticas da serie literaria de Gallego Abad. Tamén é de salientar a celebración dun campo de traballo internacional no Pico Sacro (“Dragal Work Camp”), no que participan mozas e mozos de diferentes lugares de Europa e que busca crear sinerxías inspiradas nesta obra literaria, con especial incidencia no coñecemento da cultura, tradicións e o territorio de Galicia (http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/rede-de-dinamizacion-linguistica/programas/contido_0116/proxecto-dragal-2016-2017) (consultada o 20 de xuño de 2017).



Aínda que todos os feitos teñen lugar no presente e na sociedade actual, as descubertas que realiza Hadrián, coa axuda da súa compañeira Mónica, poñen de relevo a orixe desta transformación na herdanza ancestral que enlaza cun mundo antigo cargado de mitos, lendas e tradicións que configura un suxestivo e rico mosaico de referencias culturais, artísticas, históricas e fantásticas, enlazando a tradición culta e popular, reescribíndoa e actualizándoa (Gentili, 2010 e Mociño, 2012, recompilados en Roig e Mociño, 2015). De feito, está moi presente a maxia da época medieval que vai desvelando a profecía e o papel de cada un dos personaxes, en especial o protagonista, ao que terán de axudar os outros seis membros da Fraternidade do Dragón para reunir as claves da Ciencia Secreta e pechar así o círculo da vida para que se produza a reencarnación. Porén, fronte a eles están os inimigos da memoria, os que pensan que o dragón é unha estirpe maldita capaz de destruír o mundo e, polo tanto, que ten de ser aniquilado.

A eterna loita do ben contra o mal é o marco no que se desenvolven outras confrontacións que teñen que superar os protagonistas, sobre todo Hadrián e Mónica, dous estudantes adolescentes que teñen problemas de integración no instituto e viven momentos de grandes cambios nas súas vidas. Mónica é rexeitada por ser aplicada e unha rapaza con bos resultados académicos, aínda que de carácter retraído; Hadrián, é o novo, o que vén de chegar ao centro despois de perder o pai nun suposto accidente e regresar á vella casa familiar coa nai, o que o obriga a

mudar de cidade e de vida, fuxir cara ao descoñecido sabendo que non hai marcha atrás. Nunca é doado, pero quizais a peor das veces sexa a primeira. Queima a alma cortar as raíces e despedir os amigos coa promesa de manteres esa amizade, sabendo que probablemente non será fácil de cumprir. Ou non queiras (Gallego, 2010: 13).

Esta situación provoca en ambos os dous mozos unha falta de apoios e integración no grupo aula que os rexeita e mesmo somete a unha violencia verbal, física e psicolóxica da que lles resulta moi difícil defenderse. Unha problemática, a do acoso escolar, que tardou en ser tratada tanto na sociedade coma na ficción e, aínda hoxe, son poucas as obras que a recrean, dándolle voz a protagonistas que sufriron dende o silencio a presión do maltrato por parte de iguais no contexto escolar. O seu tratamento ficcional vén contribuír a un distanciamento que permite unha abordaxe emocional que pode incidir na actitude tanto da(s) vítima(s) (neste caso Hadrián e Mónica), coma do(s) acosador(es) (aquí representados por Brais e Andrea) e do(s) observador(es) (o grupo clase e o persoal do instituto), nun momento tan delicado da configuración das identidades, como é a adolescencia.



Dragal e a reafirmación da identidade

Hadrián e Mónica, malia a presión á que son sometidos, viven con intensidade novas experiencias, entre elas o espertar ao amor, á vez que atopan no coñecemento e nos libros a mellor forma de aprender e de superarse, de buscar respostas e abrir novos interrogantes. Esta actitude curiosa levaraos a descubrir o legado cultural e familiar que marcará as súas vidas, de modo que, a través das súas experiencias se lle transmite ao lectorado que é fundamental acceder ás fontes de coñecemento, á cultura letrada e tamén ás novas tecnoloxías para comprender o presente e o pasado, de onde vimos e cal é o sentido da herdanza que recibimos, aínda que non sempre cheguemos a alcanzar a comprender o sentido pleno das circunstancias que nos rodean.

Elena Gallego pon de relevo ao longo de toda a serie o valor dos libros na etapa xuvenil como medios que permiten, como tan ben comprendeu o bisavó mariño mercante de Hadrián, “visitar aqueloutros mundos. Porque naqueles mapas, trazados por vellos navegantes, atopou estrañas terras entre mares poboados por monstros mariños, baleas xigantes e sereas” (Gallego, 2010: 50). E de todas as descubertas que lles revelan é, sen lugar a dúbidas, o vello códice dos *Segredos da alquimia* o que provocará un cambio transcendental nas vidas destes mozos e nas súas identidades: coñecer a existencia de Dragal e de todo o seu universo, a pegada que deixou nos seus devanceiros e sentir os cambios que opera neles mesmos como persoas.

61

3. A configuración da identidade individual vs. a reafirmación da colectiva

Entre os elementos ficcionais empregados por Elena Gallego na serie de *Dragal* deterémonos nalgúns dos máis recorrentes para a reafirmación identitaria, como son: os lugares e monumentos emblemáticos, as tradicións e materiais lendarios e, por último, os símbolos asociados á herdanza recibida.

Entre os monumentos e lugares emblemáticos que aparecen ao longo das diferentes entregas da novela cabe citar pola súa posición central e a forte carga simbólica a igrexa de San Pedro, ao redor da que teñen lugar os feitos máis importantes. Este templo é “unha xoia do románico medieval” (Gallego, 2010, 11), estilo artístico que chegou a Galicia a través do Camiño de Santiago e que predominou en Europa entre os séculos XI e XIII. Preséntase como símbolo da cristianización á que foron sometidos lugares sagrados de crenzas pagás. Un pasado remoto onde non había máis ca “un altar sobre un penedo, nun poboado que adoraba deuses pagáns representados por unha xigantesca serpe alada. Pseniño a fe cristiá foi substituíndo en

todo o territorio os primitivos ritos celtas, mais aínda así as vellas tradicións conseguiron subsistir” (Gallego, 2010: 127-128).

Incídese no valor histórico desta igrexa, pero sobre todo simbólico, ao albergar múltiples elementos fundamentais na trama, dende as diferentes representacións do dragón, a cripta na que repousan os seus restos, algúns dos libros que revelan os segredos da súa orixe, a efixie da fachada de San Pedro, “unha estatua que é como o cordón umbilical do dragón co mundo” (Gallego, 2011: 32)... pegadas todas elas que se irán desvelando a medida que avanza a trama e adquiren sentido para comprender os avatares polos que pasou a construción. Asenta a súa antigüidade nos tempos en que era un monte considerado sagrado por estar aliñado coa dirección do solpor nos equinoccios, no que os antigos moradores crían que dende alí existía un camiño directo cara ao alén. Este lugar privilexiado foi elixido como o refuxio do último dragón galego, agochado nas súas catacumbas.

A través da historia da igrexa de San Pedro elabórase unha síntese das mudanzas que condicionaron a evolución da sociedade occidental e faise a través dun vestixio que se foi adaptando aos tempos e ás crenzas, de modo que os máis novos sexan conscientes do legado cultural que representan construcións coma esta. Amais, é no propio templo onde se produce a pegada máis fonda do conflito que está a comprometer o feble equilibrio da loita do ben contra o mal e que se plasma de modo paralelo nas propias vidas dos personaxes: un incendio, que pon ao descuberto os segredos agochados e anuncia un cambio radical, unha transición cara a outra era. O lume, símbolo de purificación, é o anuncio de que chegou o momento de dar paso a un novo ciclo porque

os tempos do dragón son chegados... Á media noite da primeira lúa chea do equinoccio de primavera, a luz da lúa penetrará na cripta do dragón para coller a súa barca funeraria e descender ao reino dos mortos, brindando unha promesa de resurrección co abrete. Nese preciso instante o dragón deberá mergullarse no mundo de ultratumba, no que moran os espíritos, para dar continuidade ao ciclo do ouroboros e propiciar a súa completa rexeneración a través do corpo do elixido (Gallego, 2012: 101).

Unha misión na que será preciso desvelar moitas claves do lugar, das identidades dos membros da Fraternidade, das implicacións que ten asumir o compromiso co dragón nas súas vidas e das ameazas que xorden ao seu redor, por iso é tan importante o consello que lle dá a Hadrián o párroco de San Pedro, don Xurxo, no que o anima a que ten que “volver á orixe de San Pedro e buscar nas túas orixes, porque os teus devanceiros deixáronche parte do camiño marcado” (Gallego, 2010: 110).



Dragale e a reafirmación da identidade

En estreita relación con este templo aparece tamén un lugar de especial significado e simbolismo: a Poza da Moura¹⁰, espazo natural sobre o que existen lendas que falan da súa orixe e razón do nome. Moi abundantes en Galicia, xeralmente as lendas de mouras e mouros están asociadas a xacementos arqueolóxicos, monumentos relixiosos ou a reminiscencias de divindades acuáticas. Neste caso concreto, o lugar aparece descrito como un conxunto natural de tres pozas que se considera cargado de maxia, pois dúas delas son de auga fría e a outra de quente, de aí que sexa considerada popularmente como a porta ao inframundo (Gallego, 2012: 52). A relevancia do lugar vén dada por diferentes razóns: alí perdeu a vida o pai de Hadrián, acudira con el de visita uns anos antes do falecemento e, por primeira vez, faláralle da existencia do dragón; é a porta de saída da cripta de San Pedro despois do incendio que deixa atrapados a Hadrián e Mónica; nas súas augas o mozo consegue controlar a mutación que padece (a natureza humana vence a do dragón polo “lume líquido” que humaniza cada célula do seu ser, Gallego, 2012: 57) e esta Poza da Moura é o escenario da encarnizada loita da natureza de dragón coa humana, que a piques está de custarlle a vida ao rapaz.

A relación entre ambos os lugares quedou na memoria colectiva a través das lendas que falan dos dragóns, dos sacrificios humanos, da inmolação de nenos e rapazas para manter o dragón fóra da aldea ou da chegada dun alquimista, un home sabio que, acompañado da súa filla moza, quixo encontrarse con este ser para conseguir o último ingrediente que lle cumpría para elaborar a fórmula maxistral que lle daría a vida eterna. Do encontro nada se soubo, só que o home apareceu semanas despois tolo e espido. Porén, a memoria colectiva artellou unha resposta e dende aquela dise que o dragón se namorou da rapaza e a ten secuestrada e cativa nunha cova baixo as augas, que mantén quentes agardando a que ela corresponda ao seu amor (Gallego, 2010: 86).

Pero a Poza da Moura non é o único lugar asociado ás forzas telúricas e á maxia, tamén o Pico Sacro xorde na obra a través das referencias que se recollen del en fontes como o *Códice Calixtino*, no que segundo o relato do bispo Teodomiro, que data do século IX, entre os prodixios que tiveron lugar durante a viaxe dos discípulos de Santiago o Maior co seu corpo a Compostela se produciu o encontro destes co dragón que custodiaba o lugar chamado Pico Sacro, parte dos territorios da raíña Lupa, e ao que supostamente os discípulos deron morte antes de xunguir os touros que Luparia lles ofreceu para trasladar o corpo. Deste modo, establécese un estreito

¹⁰ Recóllese unha versión da lenda deste lugar en *Galicia encantada*, cuxa informante, Soledad Ríos, sitúa no lugar de Domaio (Moaña, Pontevedra): <http://www.galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=4&id=874> (consultada o 20 de xuño de 2017) e tamén en <http://bibliomoana.blogspot.com.es/2012/06/lendas-de-moana-por-xose-carlos.html> (consultada o 20 de xuño de 2017).



vínculo do dragón coa tradición xacobeá e alúdese a outras fontes que fan referencia a que a Orde de Dragal en realidade é unha escisión da Orde de Santiago, producida no século XIV, ao abandonar a disciplina xacobeá que velaba pola seguridade dos peregrinos sete cabaleiros que formaron unha sociedade secreta e que serían os devanceiros dos protagonistas da novela (Gallego, 2011: 140).

Todos estes elementos configuran un rico mosaico de referencias culturais nas que asenta a identidade colectiva e demostra a habelencia da autora para establecer relacións entre feitos, lugares e personaxes de modo verosímil, converténdose en potenciais itinerarios de coñecemento para o lectorado mozo, como a relación da tradición xacobeá e o Camiño de Santiago coa explotación das minas de mercurio en Galicia (Gallego, 2015: 177), mineral que empregaban os alquimistas para a transmutación de metais preciosos a partir do azougue (purificación do ouro e da prata); o control dos minerais, da súa explotación e circulación por parte do poder ao seren un recurso fundamental para dominar a industria armamentística (Gallego, 2015: 180) en diferentes momentos da historia; ou a relación de personaxes históricos, como Leonardo da Vinci ou Napoleón, coa alquimia e o afán por atopar a pedra filosofal.

64

Historia, lendas, mitos e crenzas contribúen a crear un suxestivo universo no que Dragal é o epicentro que o percorre de inicio a final e ante o que o potencial lectorado debería asumir que todas estas referencias lendarias son “máis antigas que os cimentos desta vella igrexa, que tiveron a súa orixe no principio dos tempos. Atoparás a Dragal na cultura anterior á dos celtas que poboaron estas terras. Seica o seu poder segue aí, agardando... ou quizais non existiu nunca” (Gallego, 2010: 108).



Teña sido real ou non, o certo é que un dos elementos definidores da serie é o dragón e os seus múltiples significados, que se van recreando a medida que evoluciona a personalidade do protagonista asociada á súa dupla natureza: a humana e a de dragón, nun xogo intertextual con obras da literatura universal que teñen recreado das máis diversas formas a dualidade da natureza humana.

Este ser mitolóxico universal forma parte das tradicións de todas as culturas, tamén da galega, na que existen numerosos vestixios en monumentos históricos e noutras representacións culturais¹¹. A súa desaparición explícase como o resultado da loita contra o home, que “non foi

¹¹ Como a Festa da Coca de Redondela (Pontevedra), unha tradición popular que se documenta no século XV de orixe pagá e que representa a derrota dun animal mitolóxico, semellante a un dragón, que se conmemora o día de Corpus Christi. Outras localidades que teñen unha festa semellante son Betanzos (A Coruña) e Monção (Portugal) e noutras como Ribadavia, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela ou A Coruña non a seguen celebrando pero está documentada (González Pérez, 1993).

Dragale e a reafirmación da identidade

quen de dominar os seus poderes. Os dragóns foron vistos coma un perigo e, daquela, eliminados da face da terra” (Gallego, 2011: 36). Só Dragal é unha excepción, por ser resultado dun experimento alquímico, o que o converte nunha realidade coñecida só por uns poucos iniciados na Ciencia Secreta: os sete descendentes primoxénitos dos membros da Fraternidade, encargados de custodiar a esencia do dragón ao longo dos séculos. Porén para o resto de mortais os dragóns “non existen máis aló dunha pantalla de cine ou das páxinas dun cómic” (Gallego, 2010: 129).

O símbolo do dragón experimenta ao longo da serie unha constante evolución, pois pasa de ser unha presenza intuída nos primeiros signos que coñece Hadrián: a efixie da fachada de San Pedro e o medallón que herda de seu pai morto, a estar presente e dominar todos os planos da realidade e da vida dos protagonistas, tal como lembra o mozo no final da segunda entrega: “O dragón comezou a facerse dono da miña vida dende o preciso momento en que regresei á vila, despois da morte de meu pai” (Gallego, 2011: 329).

As primeiras manifestacións da presenza de Dragal danse a través da capacidade do mozo para escoitar as palabras do dragón, “un ser que é moito máis ca unha voz, moito máis ca unha presenza... é a suma de moitas sabedorías xuntas que buscan un xeito de canalizar as súas enerxías, de fluír emerxendo a través da materia para existir, xerando a súa propia vida” (Gallego, 2010: 127). Un proceso que se pon de relevo na mutación do rapaz en dragón, o que o leva a recoñecer que “o dragón que descubrimos na cripta non era máis ca unha enerxía poderosa vinculada aos restos momificados dun corpo destruído, que agardaba a chegada do seu tempo para reencarnarse e culminar a súa evolución” (Gallego, 2011: 265). Proceso de simbiose que produce un fondo cambio no mozo, quen deixa de ser el para poñerse ao servizo dunha profecía:

O Hadrián que coñeciches esvaeceuse na Poza da Moura, pero entenderás que o sacrificio pagou a pena. O dragón conseguiu rexenerar as estruturas vitais deste corpo, conservando intactos a miña memoria, os meus sentimentos, a miña alma. Deste xeito demos comezo a un novo tempo para a evolución, para rectificar e acadar a perfección. Agora os dous somos un, xa non hai volta atrás (Gallego, 2011: 265).

Esta confirmación leva parella a consciencia de que a súa vida está comprometida, de que coñecer é asumir riscos, facerse adulto é vivir a complexidade da existencia, da dificultade de manexar o control da nosa vida, tal como se lle transmite a Hadrián: “os dragóns son moi perigosos, porque a súa sabedoría é vella coma o mundo e están por riba de moitas das leis da natureza” (Gallego, 2010: 129). De feito, a multiplicidade de representacións responde tamén á dos significados: “Un dragón pode ser unha serpe aterradora que defende tesouros. Por este



motivo os nosos devanceiros utilizárona como insignia militar, adornaron os seus escudos e as proas dos barcos. O dragón, non o esquezades, escorrenta os inimigos e representa o poder” (Gallego, 2010: 18).

Un poder como o do medallón que Hadrián herda do seu pai, no que se representa o dragón nun baixorrelevo:

unha faciana, un animal con boca de crocodilo enormemente aberta, grosas patas palmeadas rematadas en poutas, un corpo cuberto de escamas, ás de morcego cubertas de plumas e tres colas de serpe [...]. No reverso, o que parecía o mesmo animal, pero máis maxestoso, amosaba unha pose serena. Neste caso o monstro estaba deitado ao coidado do que semellaba un ovo, coa boca pechada sobre as patas dianteiras. Chamoulle moito a súa ollada, de verde esmeralda que brillaba, tranquilizadora, á luz do sol (Gallego, 2010: 15).

Este obxecto en realidade é a chave que permitirá o contacto cos restos do dragón na cripta da igrexa de San Pedro e que o identifica como o Gran Mestre da Orde de Dragal. Polo tanto, trátase dun símbolo da descuberta dunha parte da súa identidade, da natureza que se metamorfosea para facer posible a profecía: “Chegará o día en que o fillo do dragón recupere o poder arrebatado ao seu pai e libere as forzas telúricas. A profecía cumprírase na entrada do terceiro milenio, cando a terra premie ao enviado outorgándolle as claves da Ciencia Secreta” (Gallego, 2010: 193), un proceso previo a conseguir a pedra filosofal, obxecto máxico de inmenso poder.

O símbolo do dragón está tamén na marca que levan todos os primoxénitos dos membros da Fraternidade, o ouroboros, unha tatuaxe que representa un ser con cabeza de réptil, grosas patas palmeadas rematadas en poutas, un corpo cuberto de escamas, ás de morcego emplumadas e tres colas de serpe, símbolo dos instruídos no coñecemento hermético e que simboliza

a sinatura do contrato vital polo que os cabaleiros consagran a vida do seu primoxénito a Dragal, unha marca indeleble que só se visualiza ao rematar o proceso de iniciación, cando os novos cabaleiros pasan a proba de fogo que acredita a súa lealdade ao dragón (Gallego, 2011: 185).

O ouroboros é tamén símbolo do ciclo eterno das cousas, é o dragón que morde a súa cola e representa a continuidade do tempo e da vida, cuxa natureza se renova a si mesma dun xeito cíclico e constante, no que o principio e a fin están enlazados dun modo perfectamente xeométrico. É por iso que xeración tras xeración, os cabaleiros foron elixindo ao Gran Mestre que debía asumir o compromiso, neles mesmos e nos fillos dos seus fillos, como membros da Fraternidade na que esta marca indeleble representa “a nosa unión absoluta. Sen principio nin



final, coma o infinito no espazo ou a eternidade temporal, esta é a marca da nosa alianza indisoluble con Dragal” (Gallego, 2012: 73).

E esta marca de identidade implica unha postura ante o legado recibido por parte dos integrantes da Fraternidade, que nuns casos asumen con naturalidade e convicción o seu herdo, sendo conscientes da responsabilidade que implica, preparándose para seguir os desígnios do seu destino (caso do policía Cortiñas e da restauradora Iria Fariñas), mentres que outros se resisten e tentan ocultar/esquecer ese legado ao consideralo unha maldición, silenciando ou ocultando aos seus descendentes esa herdanza (caso da propia nai de Adrián, que tenta loitar contra o dragón cun potente amuleto, e dos pais de Brais, que non comprenderon a teima do avó deste cos dragóns e a asocian a cousas da vellez).

O poder de Dragal e a súa capacidade de transmutación aparece asociado tamén a outro elemento simbólico: unha rocha ígnea que é un cristal mestre que, tal que un terceiro ollo, ten a propiedade de desvelar o oculto e facilitar a conexión entre as mentes, de modo que pode “crear algún tipo de ponte espazo-temporal e coñecer acontecementos do futuro” (Gallego, 2011: 180).

Todos estes elementos e referencias á identidade colectiva configuran o marco no que se desenvolve a busca e construción da identidade individual, a do adolescente protagonista, e que se inscribe nas coordenadas doutras series actuais, no sentido de presentar a un protagonista que se ve illado e incomprendido, que parte dunha carencia afectiva, neste caso a morte do pai, conta coa axuda dunha moza intelixente e moi afouta da que acaba por namorar e ten con el un amuleto protector que o guía na súa busca de respostas aos poderes que herdou da súa saga familiar (Ferreira da Silva, 2011: 114-115).

Conclusiones

Dragal é unha relectura en clave actual da eterna loita do ben contra o mal, unha achega aos medos e inseguridades propios da adolescencia na sociedade actual, unha reflexión sobre a natureza humana, a súa dualidade e, sobre todo, a descuberta progresiva da identidade persoal, integrada nunha historia marcada polo legado cultural que configura a tradición galega, caracterizándonos como pobo e situándonos por dereito na rica tradición universal.

É tamén unha suxestiva cosmogonía da tradición occidental na que se inscriben as nosas raíces, cuxas recreacións míticas desenvolven un diálogo co material lendario e mítico que é



interpretado e reformulado en función dos intereses do mundo dragaliano, nalgúns aspectos moi próximo ao mundo artúrico, no que o potencial lectorado atopa unha oportunidade para a reflexión sobre o autoconecemento, o proceso de maduración, a busca do noso lugar no mundo e a importancia da educación, o coñecemento e a lectura como descuberta, ademais de comprender aos que nos rodean como modo de integración e aceptación persoal.

Referencias bibliográficas

- AGRELO, E., MOCIÑO, I. e ROIG RECHOU, B.-A. (2012). “Manuel María y la construcción de la identidad a partir de su obra infantil y juvenil”. En Rodríguez, B. e Reis da Silva, S. (Eds.). *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades / Literatura para a Infância e Juventude e Identidades* (pp. 13-28). Vigo / Braga: ANILIJ. Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil / ELOS. Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil / Centro de Investigaçã em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho). Consultado o 23 de xuño de 2017, <http://anilij.es/#service> e <http://anilij.es/web2017/>
- CID, X. (2006). “De Harry Potter á carteira de Baíña. É Harry Potter unha obra clave de literatura infantil e xuvenil galega?”. En Luna Alonso, A. e Montero Küpper, S. (Eds.). *Tradución e Política editorial de Literatura infantil e xuvenil* (pp. 215-222). Vigo: Universidade de Vigo.
- EVEN-ZOHAR, I. (1993). “A función da literatura na creación das nacións de Europa”. *Grial*, XXXI/120, 441-458.
- EVEN-ZOHAR, I. (1994). “La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa”. En Villanueva, D. (Comp.). *Avances en Teoría de la Literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas* (pp. 357-377). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- EVEN-ZOHAR, I. (1999). “Planificación de la cultura y mercado”. En Iglesias Santos, M. (Trad.). *Teoría de los Polisistemas: estudio introductorio, compilación de textos y bibliografía* (pp. 71-96). Madrid: Arco/Libros. Consultado o 20 de xuño de 2017, <http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/index.html>
- FERNÁNDEZ, M., MACEDO, A. C., MOCIÑO, I. e RAMOS, A. M. (Coords.) (2015), *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra». Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal / De como a Literatura para a Infancia e a Xuventude «é chamada á guerra».*



Dragal e a reafirmación da identidade

Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e Portugal. Porto: Tropelias & Companhia / inED (Centro de Investigación e Inovação em Educação)- ESE-IP Porto.

FERREIRA DA SILVA, V. R. (2011). “*Dragal. A herdanza do dragón*, de Elena Gallego Abad”.

Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude, 21-22, 114-115.

FIGUEROA, A. (1988). *Diglosia e texto*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FIGUEROA, A. (2001). *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

GALLEGO, E. (2010). *A herdanza do dragón*, finalista do Premio Fundación Caixa Galicia 2009 e Premio Frei Martín Sarmiento 2010. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

GALLEGO, E. (2011). *A metamorfose do dragón*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

GALLEGO, E. (2012). *A fraternidade do dragón*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

GALLEGO, E. (2015). *A estirpe do dragón*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

GARCÍA PADRINO, J. (1998). “Vuelve la polémica: ¿existe la literatura... juvenil?”. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 31, 101-110.

GENTILI, G. (2010). “O mundo imaxinario de ‘O renacemento de Dragal’”. En Roig Rechou, B-A e Mociño González, I. (Coords.) (2015). *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (pp. 31-32). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1993). *A Coca e o mito do dragón*. Vigo: Ir Indo.

MOCIÑO-GONZÁLEZ, I. (2011). “Xaquín Marín e a Reivindicación da Identidade Galega a partir da Banda Deseñada”. En Azevedo, F., Mesquita, A., Balça, A. e Reis da Silva, S. (Coords.). *Globalización na Literatura Infantil. Vozes, Rostos e Imagens* (pp. 185-213). Raleigh N.C. (Estados Unidos): Lulu Enterprises.

MOCIÑO-GONZÁLEZ, I. (2012). “A saga do dragón Dragal e os inimigos da memoria”. En Roig Rechou, B-A e Mociño González, I. (Coords.) (2015). *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (pp. 91-92). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación.

MOCIÑO-GONZÁLEZ, I. (2015a). “Literatura Infantil y Juvenil gallega: la importación de traducciones”. En Luna, A., Fernández, A., Galanes, I. e Montero, S. (Eds.). *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega* (pp. 105-126). Frankfurt: Peter Lang.



- MOCIÑO-GONZÁLEZ, I. (2015b). “La (re)construcción de la identidad en la narrativa juvenil gallega. Entre la épica y la memoria histórica”. *Tropelias. Revista de Teoría de la Literatura y Literatura comparada*, 23, Dossier: Herencia, presencia y futuro de la literatura europea: infancia e identidad (Coord. Elvira Luengo Gascón), 118-133. Consultado o 20 de xuño de 2017, <https://papiro.unizar.es/ojs/index.php/tropelias/article/view/1001>
- OITTINEN, R. e ROIG RECHOU, B-A. (Coords.) (2016), *A Grey Background in Children’s Literature: Death, Shipwreck, War, and Disasters/ Literatura infantil y juvenil con fondo gris: muerte, naufragios, guerras, y desastres*. München: Iudicium.
- ROIG RECHOU, B-A. (2005). “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”. En Lluch, G. e Roig Rechou, B. A. (Coords.). *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Boletín Galego de Literatura*, 32 (pp. 141-167). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Consultado o 20 de xuño de 2017, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/2056>
- ROIG RECHOU, B-A. (2008). *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/ A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Madrid / Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil / Xunta de Galicia.
- ROIG RECHOU, B-A. (Coord.) (2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B-A. (Coord.) (1996-2016). *Informe de Literatura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Consultado o 20 de xuño de 2017, <http://www.cirp.gal/rec2/informes/>
- ROIG RECHOU, B-A., LUCAS DOMÍNGUEZ, P. e SOTO LÓPEZ, I. (Coords.) (2008). *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Consultado o 20 de xuño de 2017, <http://www.cervantesvirtual.com/obra/a-guerra-civil-espanola-na-narrativa-infantil-e-xuvenil/>
- ROIG RECHOU, B-A., AGRELO COSTAS, E., NEIRA RODRÍGUEZ, M., MOCIÑO GONZÁLEZ, I. e VÁZQUEZ GARCÍA, C. (2009). “A memoria histórica a través da Literatura Infantil e Xuvenil en galego”. En Ramos, A. M., Gomes, J. A. e Reis da Silva, S. (Coords.). *A Memória nos Livros: História e histórias* (pp. 55-72). Porto: Deriva Editores.



Dragale e a reafirmación da identidade

- ROIG RECHOU, B-A., RUZICKA KENFEL, V. e RAMOS, A. M. (Coords.) (2012). *La Guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*. Porto / Santiago de Compostela: Tropelias & Companhia / Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- ROIG RECHOU, B-A. e RUZICKA KENFEL, V. (Coords.) (2013). *The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature*. Frankfurt: Peter Lang.
- ROIG RECHOU, B-A. e MOCIÑO GONZÁLEZ, I. (Coords.) (2015). *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación.
- ROIG RECHOU, B-A., SOTO LÓPEZ, I. e NEIRA RODRÍGUEZ, M. (Coords.) (2016). *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX*. Vigo / Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia / Red Temática LIJMI / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- SOTOMAYOR SÁEZ, M. V. (2001). "Literatura en serie". En Cerrillo, P. e García Padrino, J. (Eds.). *La literatura infantil en el siglo XXI* (pp. 41-65). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- TARRÍO VARELA, A. (1994). *Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- THIESSE, A. M. (1999). *La Création des identités nationales. Europe XVIII-XX siècle*. París: Éditions du Seuil. Consultado o 20 de xuño de 2017, <https://doi.org/10.14375/NP.9782020342476>